



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 31 DE MAIO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Manuel Galdo Dopico, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vega, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Sergio Aguado Delicado (Interventor Acidental).

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 31 de maio de dous mil doce, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 15 DE MAIO DE 2012.**

Non existindo obxeccións á mencionada acta, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acórdase coa salvidade arriba referenciada aprobar as mencionadas actas.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



3.- APROBACIÓN DO PROXECTO E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A APERTURA DA LICITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO POSTO NÚM. F2 DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS DE VIVEIRO, RESERVADO PARA A VENDA DE PRODUCTOS DE FROITERÍA.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en orde á aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a concesión administrativa do posto con referencia F2 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que sae a licitación cun orzamento de 200 euros mensuais e un prazo de 20 anos.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

Primeiro.- Aprobación do proxecto e prego de cláusulas que han de servir de base para a concesión administrativa do posto con referencia F2 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería.

Segundo.- Someter o proxecto e prego mencionados a información pública durante trinta días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Outorgar un prazo de trinta días, igual ó de información pública para que calquer interesado poda presentar oferta, na forma establecida nos pregos, procedendo deste xeito á apertura do prazo para presentación de proposicións, que comezaría a contar ó día seguinte da inserción do anuncio no BOP.

Cuarto.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para levar a cabo os actos de mero trámite administrativo que deriven deste proceso de concesión administrativa, realizándose a proposta de adjudicación pola Mesa de Contratación e a adjudicación polo Pleno da Corporación, tal e como se recolle nos pregos.

4.- APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE VELADORES.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en orde á aprobación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de veladores.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que visto que o seguinte punto da orde do día é a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de dominio público



con terrazas, propón o seu tratamento conxunto, estando de acordo neste extremo todos os grupos, polo que se procede ó seu tratamento conxunto.

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención indicando que é unha ordenanza na que se van regular as instalacións, os horarios, o tipo de mobiliario, a ocupación do dominio público, indicando que se establecen dous prazos transitorios para a adecuación do mobiliario: 2 anos no casco histórico para os que tiveran mesas abatibles, e 4 anos de prazo para Covas, xa que no casco histórico no 2006 xa se chegara a un acordo polo que todos os hostaleiros tiveron gratuito o mobiliario e os que xa o tiñan adquirido descontóuselles da taxa ata que lles resultou gratuito. Apunta que en Viveiro a cor predominante é a gris, en Covas o vermello burdeos, a petición dos hostaleiros de Covas e en Celeiro o azul, rexindo a mesma cor que a da sinalización de cada lugar. En Celeiro régulase por si se coloca algunha, xa que as existentes a día de hoxe atópanse na zona de Portos. Indica que parece que se regulou ben, xa que na Comisión Informativa foi dictaminada favorablemente por unanimidade. Apunta que hai un erro no documento da ordenanza que hai que corrixir, xa que se establece que as terrazas non se poden por ata as 11:30 horas, e iso é só para as rúas con entrada de vehículos ó casco histórico, pois no resto, tal e como se acordara sería dende as 8:00 horas da mañá. Sinala que esta ordenanza se fixo coa participación das asociacións de Covas e do casco histórico, admitindo a maioría das cuestións que plantexaron.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, manifestando que considera que se trata dunha boa ordenanza, pro que o que piden é que se leve a cabo e se cumpra de modo riguroso, así como que se cumpra o que se indica na exposición, xa que consideran moi interesante que se embeleza a imaxe de pobo turístico de Viveiro, que estas terrazas se convirtan nun lugar de reunión, conxugado co dereito dos veciños a descansar.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para indicar que está a favor da da ordenanza, que a considera un bo instrumento para potenciar o sector hosteleiro, conxugado tamén co benestar dos veciños. Apunta que un dos intereses da mesma é o da estética, e iso considérao bo pra que veña máis xente a Viveiro. Apunta que está de acordo co prazo de adaptación de 2 e 4 anos, pero que sería importante que canto antes se acabase de adaptar mellor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para indicar que está a favor da da ordenanza, xa que ata o de agora era un asunto que se atopaba bastante desarraxado, polo que é importante que exista unha normativa para que se cumpra.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que respecto á modificación da ordenanza fiscal pagarase o mesmo no período do 1 de xuño ó 31 de agosto, e o resto do ano o 50%.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, acordándose aprobar a proposta da Alcaldía por unanimidade:

- 1.- Aprobar, provisionalmente, a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de veladores.
- 2.- Expoñer ó público o acordo provisional adoptado polo Pleno e o novo texto da Ordenanza por prazo de 30 días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local.



3.- Elevar a definitivo o acordo mencionado de non presentarensen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 49 da citada LBRL.

4.- A referida Ordenanza aprobada entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

5.- APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Este punto foi tratado conxuntamente co punto anterior, procédese á súa votación contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía, acordándose aprobar a proposta da Alcaldía, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, por unanimidade:

1.- Aprobar, provisionalmente, a da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

2.- Expoñer ó público o acordo provisional adoptado polo Pleno e o novo texto da Ordenanza Fiscal afectada por prazo de 30 días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 17.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Loais.

3.- Elevar a definitivo o acordo mencionado de non presentarensen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 do citado Texto Refundido.

4.- A referida Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

6.- APROBACIÓN DA SINATURA DO CONVENIO COA CIUG PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en orde á aprobación do da sinatura do convenio coa Comisión Interuniversitaria de Galicia para que a proba de acceso á Universidade (PAU), para os alumnos de bacharelato da Mariña Lucense se celebre no termo municipal de Viveiro.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que a Universidade de Santiago remitiu escrito solicitando que o Pleno da Corporación aprobase o convenio remitido pola mesma, en orde a seguir celebrando a selectividade en Viveiro. Sinala que o importe ascende a 12.640,15 euros, e que se insistirá ós Concellos que non pagaron os anos anteriores.



Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía, acordándose aprobar a proposta da Alcaldía por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación da sinatura do Convenio coa Comisión Interuniversitaria de Galicia para que a proba de acceso á Universidade (PAU) para os alumnos de Bacharelato da Mariña Lucense se celebre no termo municipal de Viveiro.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo a sinatura do mencionado convenio e de todos cantos documentos sexan necesarios para a formalización do mesmo.

Terceiro.- Aprobar o compromiso de gasto, por importe de 12.640,15 euros para facer fonte ós custos derivados da sinatura de dito convenio, con cargo á partida 322-22606, do orzamento prorrogado de 2012.

Cuarto.- Notificar este acordo á CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia).

7.- CONCESIÓN COMPATIBILIDADE ACTIVIDADE PRIVADA TRABALLADOR MUNICIPAL.

Vista a proposta do Sr. Acalde, D. Melchor Roel Rivas referente á concesión de compatibilidade a D. Delio Represas Carrera, para o exercizo privado da actividade de Profesor de Música da Asociación Cultural “Banda de Música O Landro de Viveiro”, que di o seguinte: “Vista a solicitude de **D. Delio Represas Carrera**, interesando o recoñecemento de compatibilidade para prestar servizos por conta propia como profesor de música na Asociación Cultural “Banda de Música O Landro de Viveiro.

Considerando que dos antecedentes que constan na Unidade de Persoal despréndese que **D. Delio Represas Carrera** foi seleccionado para prestar servizos como Profesor de Música no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, tomando posesión da praza e posto de traballo en data 02 de xuño de 2011. Estando encadrada a mencionada praza no Grupo A, Subgrupo A2.

Tendo en conta que o artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “*nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local*”. Estas normas específicas non están ditadas.

Considerando que as normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “*a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo dunha Comunidade Autónoma ou Corporación Local*” .

En consecuencia, a normativa aplicable está contida na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.



Da indicada normativa de aplicación despréndese:

a) A necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “*O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade*”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

b) Os límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala: “*En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia*”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala: “*1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva no Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado. Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados*”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo: “*1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:*

a) *O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.*

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) *A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.*



- c) *O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.*
- d) *A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.*

Da instancia do interesado e da documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

c) As limitacións sobre xornada e horario: O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece: “2. *As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a **presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.***”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece: “*O recoñecemento de compatibilidade **non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.***”

En consecuencia, dado que a actividade como funcionario do Concello de Viveiro (Profesor do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro) é a tempo completo, prestada de luns á venres, en xornada de tardemañá e tarde, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte do solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo do Concello de Viveiro, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos semanais.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

d) As limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo: O Artigo 14, parágrafo terceiro, da Lei 53/84, di textualmente: “*O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público*”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece: “*O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional*”.

e) Limitacións retributivas: O artigo 16 da mencionada norma establece: “*Así mesmo, **por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.***”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo funcionario non pode superar o 30% das retribucións básicas, **excluídos** os conceptos que teñan a súa orixe na **antigüidade**, debendo reducirse de superalas ao límite



sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

f) Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece: *“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantis ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o **previo recoñecemento de compatibilidade.**”*

Como consecuencia do sinalado, e á vista do informe favorable da Unidade de Persoal, e tendo en conta o informe favorable do Director do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e que o interesado non presentou ningunha alegación no período de audiencia, procede que polo Pleno, se tome acordo, concedendo a **D. Delio Represas Carrera** a compatibilidade para o exercicio privado da actividade de Profesor de Música da Asociación Cultural “Banda de Música O Landro de Viveiro”, actividade que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o estatuto básico do empregado público, e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 13 de xaneiro de 2012, data na que D. Delio Represas Carrera presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a devandita solicitude de autorización”.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que o traballador municipal, D. Delio Represas Carrera solicitou exercer a actividade privada sinalada, polo que podería realizala sempre que non supere o seu complemento específico o 30% das retribucións, tal e como sinala a lexislación.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose aprobar a proposta transcrita da Alcaldía por unanimidade.

8.- MOCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á PROPOSTA DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL NO TOCANTE Á NOVA DEMARCAÇÃO XUDICIAL.



12.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i CONTRA A ELIMINACIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS NA COMARCA DA MARIÑA.

Por parte do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, propónse o tratamento conxunto destas dúas mocións, manifestando o seu acordo os dous grupos presentantes das mocións.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para sinalar que o seu grupo non se opón a que se traten conxuntamente, pero a votación solicita que sexa por separado, e así se acorda, apuntando o Sr. Alcalde que se realizarán dúas intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que pola súa parte se presenta esta moción, xa que o día 3 de maio de 2012 se fan unhas bases para a nova demarcación xudicial, reducindo en Galicia de 45 a 13 partidos xudiciais, polo que ningunha Comunidade Autónoma perderá tantos partidos xudiciais como Galicia. Deste xeito, na provincia de Lugo pasaríase de 9 a 2 partidos xudiciais, e deste xeito Mondoñedo, Vilalba e Viveiro constituiríanse nun só partido xudicial, e todo o resto da provincia de Lugo noutro partido xudicial. Ademais isto iría acompañado dunha modificación dos rexistros civís, que agora hai 315 e a proposta é ir limitando ata que en Galicia só haxa 10, polo que estarían nas zonas máis importantes de Galicia. Apunta que serán consecuencias irreversibles, dándose marcha atrás na Xustiza, con menos partidos xudiciais que no ano 1987, tendo en conta que Viveiro nos anos 70 quedara sen partido xudicial, que logo se conseguiu recuperar. Indica que se está intentando cambiar o modelo de sociedade mediante recortes, que neste caso alonxarán ós xulgados dos veciños, e isto suporá un custo para os veciños, que serán eles os que terán que pagar os seus desprazamentos. Indica que en Vilalba, Mondoñedo e Viveiro suman 6 xulgados; coa reforma cada 100.000 habitantes ten que haber 8, o que agora non se cumpre sumando as tres, polo que se está de acordo con que haxa 8 cada 100.000 habitantes, pero distribuídos e non concentrados. No suposto da provincia de Lugo as consecuencias son moi malas; di que se ve como os políticos pregonan que hai que fixar poboación no rural e con isto o que se fai é deslocalizar, afectando tamén ó emprego xa que os despachos de abogados e procuradores soen situarse nas poboacións do entorno dos xulgados. Outro problema desta reforma sinala que sería a accesibilidade ó servizo, xa que a xustiza debe ser accesible. Por outra banda, co incremento das tarifas reclamar ante unha negligencia médica o cidadán que recurra terá que pagar 350 €, un traballador para recurrir por despido 500€, un contencioso contra unha multa de tráfico 200 €, e nos procesos civís ordinarios 300 €. Así, di que a xustiza será máis cara ademais tamén para o Estado, que está recortando en inversións, porque eses edificios que alberguen todo, que serían dous, terían que albergar a infraestrutura necesaria para 8 xuíces, e hoxe ningunha das sedes reúne as características necesarias para isto, polo que o Estado tería que valorar en infraestruturas. Continúa o Sr. Alcalde indicando que a dispersión e lexañía non resultaría a mesma para Mondoñedo e Vilalba que para Viveiro, polo que plantexa esta moción, procedendo a dar lectura dos acordos que se propoñen:

PRIMEIRO: Dirixirse a todos os deputados e senadores elixidos en representación dos cidadáns da provincia de Lugo para que defendan os intereses de quen os elixiron facendo todas as xestións necesarias para modificar este proxecto, mantendo os actuais partidos xudiciais, e que, en caso de que isto non se logre, no momento de emitir o seu voto o fagan de forma negativa, comprometéndose públicamente neste sentido.



SEGUNDO: Instar a todos os deputados pola provincia de Lugo no Parlamento de Galicia a que inicien cantas actauccións e iniciativas parlamentarias sexan necesarias para que o Parlamento de Galicia rexeite esta proposta de demarcacións xudiciais.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia para que rexeite este proxecto polas súas consecuencias, antes mencionadas, e ademáis, por que debilitaría aínda máis a estrutura xudicial.

CUARTO: Dar traslado aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos voceiros dos partidos políticos no Congreso dos Deputados e no Senado, ao Colexio Provincial de Abogados e ao Colexio Provincial de Procuradores do presente acordo.

Indica o Sr. Alcalde que nesta proposta non se pide o que se fai sempre, que se dirixan os acordos ós portavoces dos partidos, senón que se dirixe en primeiro termo ós deputados e senadores, que son os que teñen que definir cómo van actuar ante esta situación, xa que cando existe unha situación que é preocupante para a provincia os que foron elixidos pola demarcación provincial teñen que actuar.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para engadir que no partido xudicial de Viveiro está composto por 7 Concellos e unha poboación de máis de 45.000 habitantes, máis que Vilalba e Mondoñedo que se quedan entorno ós 30.000 habitantes, así Viveiro cubre 10.000 habitantes máis que Mondoñedo e 14.000 máis que Vilalba. Nos xulgados de Viveiro hai a día de hoxe 19 persoas, dos que dous son policías, polo que é lóxico que a xustiza vaia lenta, xa que ten medios insuficientes e pouca plantilla, entrando neste Xulgado no ano 2011 entre asuntos penais e civís 5.124 casos, e estando pendentes do ano 2010 uns 4.000 casos, polo que isto non se optimiza coa proposta de redución de partidos xudiciais, senón que empeoraría. Continúa dando lectura dos acordos que propoñen na súa moción:

1º) Rexeitar a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial da redución e eliminación de partidos xudiciais na nosa provincia, e en especial na mariña lucense, mantendo os dous que existen na actualidade, Mondoñedo e Viveiro, e instar o Ministerio de Xusticia e o Goberno da Xunta de Galicia, a buscar verdadeiras e consensuadas alternativas que permitan unha optimización dos recursos sen recortar nun servizo público esencial como son os xulgados.

2º) Que se faga extensivo este acordo e enviar ás Corporacións Locais afectadas, na zona da mariña de Lugo, para que mostren o seu rechazo a este proxecto do CXPX, se o estiman oportuno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para indicar que o seu grupo votará a favor da proposta do grupo municipal do i.V.i., porque comparten os datos facilitados no seu comentario da moción, pero non están de acordo coa moción da Alcaldía, xa que se pide un acordo imposible, porque o que existe a día de hoxe é unha proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que é unha proposta de xuíces, non do lexislador. Os deputados e senadores non poden votar sobre isto, trátase dunha proposta non vinculante, que se remite ó Ministerio e e logo redactarase un anteprojecto, polo que agora os deputados non poden votar nada sobre esta proposta do Consello, porque esa non é a tramitación prevista. Ademáis apunta que se lle deu traslado ós Tribunais Superiores de Xustiza de cada Comunidade Autónoma, os que se poran en contacto con todos os decanos. Sinala que o lexislativo e o executivo non poden valorar, poden



estar ou non de acordo, e indica que o seu grupo non o está, pero que se vai abster na moción do Sr. Alcalde porque pide un imposible.

Intervén o Sr. Alcalde para comentar que a lei de demarcación xudicial supón que non se aprobará no Ministerio, senón que a aproba o parlamento, polo que a van ter que votar os deputados e senadores. Indica que a moción psoposta está pensada para que os que representan ós veciños cando levanten a man ou preman o botón para votar se sepa o que votou cada un. Apunta que pide que se fagan as xestións necesarias, porque ninguén prohibe dirixirse ó Ministerio ou ó Consello Xeral do Poder Xudicial, e se así non se consegue nada será nese momento cando terán que votar e ahí é onde se pide que o fagan negativamente, comprometendo o seu voto de forma negativa, dirixíndose ó Sr. Jaime de Olano Vela sobre se vai votar a favor ou en contra dunha lei de demarcación xudicial que en Lugo non respecta os intereses dos veciños, porque se vota no parlamento e no senado, apuntando que por iso segue mantendo a súa moción, aclarando que a proposta de acordo é que primeiro se fagan as xestións necesarias e se isto non se logra e se remite así polo Consello Xeral do Poder Xudicial ó Ministerio de Xustiza, que se vote logo no parlamento de xeito negativo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para sinalar que está a favor destas dúas propostas, propoñendo unha enmenda á moción do Sr. Alcalde que sería dirixirse tamén a todos os deputados e senadores de toda Galicia. Indica que Olaia Fernández e Francisco Jorquera xa presentaron preguntas no Parlamento dirixidas a aclarar este extremo. Indica que os deputados do B.N.G. no Estado xa fixeron por agora unha parte dos deberes que se propoñen na moción da Alcaldía. Tamén se pide que se introduza unha enmenda no punto 3, que sería que a Xunta de Galicia solicitase a transferencia de competencias no que se refire á creación, impresión e modificación dos partidos e xulgados en Galicia.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela dicindo que o Ministerio non aproba a lei, que o que se comentou foi que se redactaba un anteproxecto, recalca que o que existe agora é unha proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, que non é vinculante. Sinala que os xuíces o que fan é emitir o seu parecer, di que cando se presente ese anteproxecto xa se discutirá. Indica que ó Consello Xeral do Poder Xudicial un deputado non pode isntalo a nada, xa que a separación de poderes é moi clara; esa é unha proposta do poder xudicial que emite o seu parecer, ós deputados non se lles da a votar esta proposta, será un anteproxecto o que se vote, remata dicindo que os deputados e senadores antepoñen os intereses dos cidadáns diante de todo.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, indicando que se ve moitas veces como Concelleiros se reúnen con Directores Xerais, polo que entende que a ninguén lle impide a un deputado pedir unha reunión co Consello Xeral do Poder Xudicial. Sinala que a enmenda plantexada polo B.N.G. non hai problema en admitila como outro punto, xa que Lugo é o máis inmediato e logo Galicia.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación da moción da Alcaldía, acordándose con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i, e 6 abstencións correspondentes ó grupo do P.P., aprobar a moción presentada pola Alcaldía, do seguinte xeito:

PRIMEIRO: Dirixirse a todos os deputados e senadores elixidos en representación dos cidadáns da provincia de Lugo para que defendan os intereses de quenes os elixiron facendo todas as xestións



necesarias para modificar este proxecto, mantendo os actuais partidos xudiciais, e que, en caso de que isto non se lograr, no momento de emitir o seu voto o fagan de forma negativa, comprometéndose públicamente neste sentido.

SEGUNDO: Instar a todos os deputados pola provincia de Lugo no Parlamento de Galicia a que inicien cantas actauccións e iniciativas parlamentarias sexan necesarias para que o Parlamento de Galicia rexeite esta proposta de demarcacións xudiciais.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia para que rexeite este proxecto polas súas consecuencias, antes mencionadas, e ademáis, por que debilitaría aínda máis a estrutura xudicial.

CUARTO: Dar traslado aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aos voceiros dos partidos políticos no Congreso dos Deputados e no Senado, ao Colexio Provincial de Abogados e ao Colexio Provincial de Procuradores do presente acordo.

Procédese agora á votación da moción do grupo municipal do i.V.i., acordándose por unanimidade a aprobación da moción presentada polo i.V.i, do seguinte xeito:

1º) Rexeitar a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial da redución e eliminación de partidos xudiciais na nosa provincia, e en especial na mariña lucense, mantendo os dous que existen na actualidade, Mondoñedo e Viveiro, e instar o Ministerio de Xusticia e o Goberno da Xutna de Galicia, a buscar verdadeiras e consensuadas alternativas que permitan unha optimización dos recursos sen recortar nun servizo público esencial como son os xulgados.

2º) Que se faga extensivo este acordo e enviar ás Corporacións Locais afectadas, na zona da mariña de Lugo, para que mostren o seu rechazo a este proxecto do CXPX, se o estiman oportuno.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA Á REVISIÓN OU COMPENSACIÓN POR ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IBI POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G. D. Bernardo Fraga Galdo indicando que o seu grupo procedeu á modificación da parte correspondente ó acordo con respecto á moción presentada por rexistro con anterioridade a este Pleno, indicando así mesmo que se engaden dous puntos a dito acordo, modificación da que di xa deu copia ós protavoces, procedendo á lectura da moción modificada.

Nesta moción en síntese indicábase que en función dos acordos subscritos entre o Estado e a Santa Sede en 1979 a Igrexa Católica está exenta do pagamento de IBI polos bens inmobles que posúe, apuntando que según os bens inmobles que posúe no Concello de Viveiro, este Concello deixa de ingresar por dita exención máis de 25.000 euros

En base ós anteditos argumentos, propoñíase entón ó Pleno da Corporación, na moción modificada, a adopción do seguinte acordo:



1.- Instar ó Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ó carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ó IBI do seu patrimonio.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociárase coa Igrexa católica unha compensación ó Concello de Viveiro por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ó Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ó Goberno do Estado, a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación ós concellos galegos.

4.- Instar ó Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmobles pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesiones relixiosas.

Continúa intervindo o Sr. Bernardo Fraga Galdo para apuntar que coa crise é importante que haxa un reparto de esforzos nos que teñen máis capacidade económica, xa que a Igrexa recibe subvencións idirectas para conservar inmobles. Sinala que xa houbo un proposta neste senso no Parlamento no mes de marzo, que foi rexetada, e existe outra pendente de debate.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, indicando que estas exencións derivan do Acordo de 1979, que no ano 1992 se ampliou a outras confesións relixiosas de España, sinalando que os Acordos coa Santa Sede están avalados polo Tribunal Constitucional. Tamén indica que a lei 49/2002 tamén regula exencións a antes sen fins lucrativos, recollidas na Lei Reguladora das Facendas Locais. Comenta que tamén os sindicatos, os partidos políticos, os edificios de patrimonio histórico artístico, tampouco pagan. Indica que a igrexa se financia con aportacións dos fieis no IRPF, contando así con respaldo social. Di que a Igrexa ten unha extensa labor social, presta servizo á sociedade con valores como a xustiza, tendo tamén funcións no ámbito asistencial, xa que agora hai máis exclusión social e moitas situacións solvéntase por cáritas, polo que non é razoable que concellos que derivan a persoas con exclusión social a cáritas agora queiran cobrarlle o IBI, ademais de que o Ministerio de Facenda fai pouco xa indicou que non se podería realizar este cobro sen máis senón que habería primeiro que modificar o acordo coa Santa Sede. Afirma que contando a Igrexa con este respaldo social o seu grupo vai rexeitar a moción presentada.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que en primeiro lugar non está de acordo con que cando se está na oposición se pida o que non se fixo cando se estaba no goberno, xa que o P.S.O.E. tivo tempo suficiente para negociar o concordato, senón parece que na oposición se di o que se quere e no goberno o que convén. Indica que con todos os respetos ó grupo municipal do B.N.G. vai proceder a dar resposta á moción que estaba rexistrada para o Pleno xa que a entregada agora non ten nada que ver coa anterior. Respecto ás exencións sinala que dos 25.000 euros que se deixan de percibir en Viveiro, 4.000€ serían de conventos, 609€ de capillas, 4.959€ de cemiterios, 9,18€ de cruceiros, 6.794€ de igrexas, etc. Indica que súa hai 3 parcelas que debían estar fóra do IBI, que non as contempla o concordato, das que a súa recaudación ascendería a pouco máis de 200€, e existen 3 casas que de acordo co concordato deberían estar exentas, como son os 2 pisos de Cristo Rei, nos que se realizan lobres sociais e o local de asistencia. Apunta que a esta moción, presentada no seu momento para debatir neste Pleno o seu grupo vai votar en contra, xa que consideran que o que se debería facer é negociar o Acordo. Comenta así mesmo, que respecto ó indicado polo



representante do grupo do P.P., que as sedes dos partidos políticos e sindicatos sí pagan IBI, E QUE SE A Igrexa Católica está lexitimada simplemente polo IRPF os partidos políticos suponse que aínda estarán máis lexitimados.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, indicando que dos 25.000 euros que se menciaban na moción que se deixaban de ingresar por IBI ó final acaban reducidos a unha pequena cantidade. Sinala que todo o que dixo o P.P. está recollido na vixente lexislación, e procede a dar lectura do artigo 62 do TRLRFL. Di que ademais a Constitución Española artigo 96 refírese ós Tratados Internacionais, sendo o Acordo coa Santa Sede un Tratado Internacional, e as súas disposicións polo tanto só poden ser modificadas coas normas de dereito internacional. Apunta que a labor social da Igrexa está máis que demostrada, sostendo as congregacións relixiosas un gran número de hospicios, orfanatos, centros de maiores, comedores, centros de día,... de xeito que move moita xente simplemente pola fe. Comenta que o seu grupo está en contra de eliminar esta exención do IBI, xa que considera espeluznante quererlle cobrar á Igrexa e non á SGAE, ou inmobles como o Hotel Rich en Madrid, tendo en conta a maiores, que os bens que a Igrexa posúe, quitando igrexas, capelas, cemiterios, etc, quédanse en moi poucos. Sinala finalmente que o 23 de maio no Congreso, cos votos do P.P. e CIU xa se rexeitou unha proposta de cobrarlle o IBI a Igrexa, realizada polo Sr. Jorquera, polo que unha cuestión que hai que decidir a nivel nacional e nese ámbito xa foi rexeitada non facemos nada aquí discutíndoa.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para aclarar que non existen moitas diferencias entre a moción presentada primeiro ó Pleno e a que entregou agora ó comezo do mesmo, procedeno á lectura dos puntos que figuraban an 1ª moción:

1. O Pleno da corporación municipal de Viveiro, insta ó Goberno do Estado a demandarlle á Igrexa Católica o pagamento do IBI, polos numerosos bens inmobles que posúe, que, e n casos coma o de Viveiro supón unha diminución considerable nos ingresos municipais, posi deixamos de percibir 25.000 euros anuais polos bens de uso eclesiástico.
2. Na súa falta, negociar coa Igrexa Católica unha compensación co Concello de Viveiro, por estar exenta do pagamento do IBI, que podería consistir na cesión gratuita de bens inmobles eclesiásticos que están desocupados ou na achega dunha cantidade económica equivalente.

Apunta que a nova moción di o mesmo que a anterior só que inclúe máis puntos, que o debate é instar ó Estado a que modifique os acordos coa Santa Sede, non se trata de querer cobrar xa o IBI, tamén sinala que non se incluírían igrexas, cemiterios, nin cruceiros, recoñecendo que a Igrexa sí realiza unha gran labor social que é de agradecer, nesas locais non pedimos que pague o IBI, pero sí é certo que existe un gran oscurantismo nas súas contas, e cos datos que deu Rouco Varela de aportación a Caritas supón unha cantidade pequena. Argumenta que si se chegase a modificar o Tratado habería que estudar aquí caso por caso, indicando que hai supostos nos que a Igrexa tamén saca lucro como é o caso de igrexas ou museos nos que se cobra por entrar, apuntando que os beneficios da Igrexa se repercuten nos que son crentes, pero os beneficios da Administración son para todos os veciños, polo que di que o seu grupo mantén a moción presentada ó comezo da sesión plenaria.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que a moción presentada agora varía respecto da anterior, ademais de afirmar que se deixan de percibir 25.000 euros, sendo esta cifra



correcta, pero incluíndos na mesma as igrexas, os cemiterios, etc., polo que sinala que o que hai que votar agora é a moción presentadaó Pleno xa que a nova é totalmente diferente e só poderái votarse neste pleno previa declaración de urxencia, xa que se trata dunha nova moción, polo que indica que o mellor sería retirala e presentar a nova no seguinte pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para pedir que se pregunte á Secretaria Municipal acerca da necesidade de votar primeiro sobre a urxencia para incorporar esta nova moción, e preguntado polo Sr. Alcalde afirmase pola Secretaria Municipal que para incluír unha nova moción é necesario votar primeiro a súa urxencia, polo que por parte do B.N.G. se comunica a súa retirada para o seguinte pleno.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. RELATIVA Ó MANTEMENTO DO NIVEL DE INVESTIMENTO NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS.

11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE O SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Intervén en representación do Grupo municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para apuntar que o seu grupo retira estas dúas mocións presentadas, xa que a día d ehoxe teñen coñecemento de máis información sobre estes temas coa que non contaban no momento da súa presetnación.

13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i. REFERENTE A SOLICITUDE DE AXUDAS PARA OS AFECTADOS DO CELEIRIÑO.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, que procede á lectura da moción presentada, na que en síntese se indicaba que no ano 2009 a ex conselleira de Vivenda da Xunta de Galicia, D^a. Teresa Táboas visitara o Concello de Viveiro reuníndos cos representantes do Concello e cos afectados do barrio de Celeiriño, prometendo tratar de solucionar o problema, e cumprindo con dita promesa, aprouse no Consello da Xunta a reserva de 1.503.216,50 euros para solucionar a situación do brrrio, consistindo as actuacións en adquirir 8 novas vivendas para as familias afectadas e financiando as obras de rehabilitación doutras 21 vivendas, declarando a urxencia para poder efectivas o antes posible para os afectados. Esta cantidade foi modificada o 2 de abril do ano 2009, pasando a 915.000 euros, e que na visita da ex-conselleira se dixera que unha vez consolidado do barrio se había mási vivendas afectadas terían o mesmo trato que as anteriores, polo que agora coas obras comezadas para o acondicionamento da Rúa Atalaia é cando se vai coñecer si existen máis vivendas afectadas que requiran ser demolidas ou de arranxos, propoñendo os seguintes acordos:

1º) Que unha vez avaliados os danos causados nas vivendas, solicitar á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia:

- a) No caso de que haxa que derribar algunha das vivendas, que se proceda a darlles a mesma solución e tratamento que os anteriores.
- b) Que no caso das rehabilitacións se proceda á achega das axudas comprometidas no seu día.

2º) Remitir ás distintas forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia o acordo para o seu tratamento.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño indicando que a moción é extemporánea porque se trata dun tema que xa leva máis de catro anos, polo que xa cando se empezou o edificio e se consolidou era cando había que actuar e non esperar a agora, porque aquí xógase con diñeiro público, poñendo diñeiro a Xunta e o Concello pagando os alquileres, cando o responsable dos danos foi a empresa promotora, tal e como se recolle en sentencias e en informes da propia empresa, polo que se considera que non ten nin porque o Concello nin a Xunta de Galicia correr con estes gastos, senón que tería que ser a empresa, polo que este grupo considera que primeiro se debería reclamar á empresa que repoña o diñeiro xa gastado, e senón, no suposto que a empresa estivese en quebra, logo buscar axudas donde sexa. Apunta que o seu grupo presentou xa en xullo ou agosto unha moción que se aprobou por unanimidade para unha comisión sobre estes temas, e non houbo a delicadeza nin tan sequera de reunir a esta comisión, ademais de indicar as súas dúbidas sobre a legalidade de que a Xunta agora poda aportar diñeiro para isto, xa que dende ese organismo se dixo que era convinte facer unha área de rehabilitación pra poder acollerse os veciños a estas axudas. Di que o importante é primeiro tratar de recuperar o diñeiro público e logo xa verá o que hai que facer, apuntando que o edificio en construción, deixouse realizar e tívose ós veciños incomunicados sen arrarxar a situación. Comenta que o seu grupo se vai abster, anunciando que apoiarán unha iniciativa seria, pero que agora o que cómpre facer é que o Concello recupere o seu diñeiro e esixa ese diñeiro á empresa que provocou danos materiais e morais.

Intervén o Sr. Aclalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que naquel momento todos os grupos políticos de Viveiro se preocuparon das persoas e non se podía esperar 7 anos sin ter donde durmir, apuntando que este Concello tivo unha resposta formidable da Xunta de Galicia, 1º declarando a emerxencia e logo a Conselleira levou á práctica o que se lle solicitara e permitiu que as 8 casas que estaban en ruina tivesen unha oferta de compra con vivenda alternativa, apuntando que non se di que ten que ser declarada ARI, e que agora o novo goberno da Xunta non ingresou nin o que falta para as aescrituras, e faltando cinco días para presentar a demanda (que tiña que facelo a Xunta), tívose que convocar un pleno extraordinario para evitar que prescribira, porque a Xunta pasou o embolado ó Concello. A través da Xunta abonáronse 7, porque un non quixo. Indica que hai acta parlamentarias que din que o acordo da Xunta non era legal. Sinala que o Concello iniciou as reclamacións e máis cedo que tarde se verá, alegrándose de que conste en acta que os responsables dos danos do Celeiriño din que foi INMOXERIÓN. Indica que unha vivenda iniciou o proceso particular, 4 xa están en marcha, 3 xa saiu a sentenza e outra que aínda non está), polo que di que se tomase a decisión de esperar ata que os xulgados dictasen sentenza esta xente estaría abandonada, comentando que as reclamacións das cuantías se realizaran cando proceda e estimen os abogados.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernanro Fraga Galdo para decir que o P.P. se preocupa 1º do diñeiro que das persoas, e que o compromiso do goberno cos veciños do Celeiriño está máis que demostrado, a pesar de aguantar acusacións e mentiras. Apunta que o acordo xa está establecido en 30.000 € por propiedade, e cun ARI os veciños perden diñeiro. Di que a Xunta, atendendo ás persoas terá que drrles o mesmo tratamento en igualdade a todos os afectados, polo que o seu voto será a favor desta moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño pra decir que quere que conste en acta tamén que o causante do desastre do Celeiriño non foi o alcantarillado. Di que o diñeiro é necesario pra que a xente teña calidade de vida, pero a algúns non lles importa e teñen a xente arrastrada nas rúas, como a prima de risco, que xa se veu de onde viña a herencia. Di que



están de acordo en que había que adoptar unha solución de urxencia, pero o que critican e que a urxencia leva máis de catro anos, polo ue o problema non se arranxou ben, xa que se se fixese non se pagarían agora os alquileres.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para decir que do ano 1998 ó 2003 quedaron 11 millóns de euros de débeda no Concello.

Intervén en representación do grupo municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para decir que polo P.P. se debería recapacitar sobre a humanidade, di que hai danos monetarios e morais, e os morais non hai diñeiro que os pague, pero os danos materiais hai que intentalo aínda que sexa a destempo. Di que polo que decían os técnicos había que facer previamente o edificio. Apunta que a ex conselleria Teresa Táboas, cumpriu o que dixo públicamente en reunións nas que estaban presentes os veciños, apuntando que se se fai o ARI se realizaría unha discriminación entre os veciños de Viveiro, polo que se pide que haxa un tratamento igual.

Intervén o sr. Alcalde para decir que si se houbera recurrido a decisión da Xutna de traspasar a reclamación ó Concello houbérase pasado o prazo para reclamar.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á súa votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e iV.i. e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P. a aprobación da moción, cos seguintes acordos:

1º) Que unha vez avaliados os danos causados nas vivendas, solicitar á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia:

- c) No caso de que haxa que derribar algunha das vivendas, que se proceda a darlles a mesma solución e tratamento que os anteriores.
- d) Que no caso das rehabilitacións se proceda á achega das axudas comprometidas no seu día.

2º) Remitir ás distintas forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia o acordo para o seu tratamento.

Po parte da Alcaldía anúnciase unha pausa de 10 minutos antes de proceder ó punto de rogos e preguntas, o que se acorda, polo que se para dende as 10:00 horas ás 10:10 horas.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que dará contestación ás preguntas que se deran por escrito porque se contestan no seguinte pleno polo que as escritas as vai contestar hoxe, indicando que se presentaron preguntas por parte dos grupos municipais do P.P. e do I.v.I.

A.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP (No pleno de 26 de abril de 2012).



1.-Ante as seguintes preguntas:

a) Dixo que ía sacar a subasta o camping municipal, e xa pasou un prazo de 8 anos e segue en mans privadas. ¿Quen o explota actualmente se se asinou algún documento pola Alcaldía autorizando a explotación?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para sinalar que o camping ven sendo explotado pola mesma familia que o leva facendo toda a vida incluído o período no que o que realiza a pregunta era alcalde de Viveiro. Apunta que por parte da Alcaldía se lle comunicou que continuarían ata que saliran a subasta pública. Sinala que non fai dous anos con motivo do convenio con SOGASERSO que se rexistrou como propiedade municipal esos terrenos, e que se procederá durante este mandato á subasta pública unha vez clarificado se existen dereitos adquiridos polos que levan décadas xestionándoo.

b) Tras varios anos en que o Camiño da Picha en Valcarría se cortou por un particular sen ningún tipo de autorización, con distintas reclamacións dos veciños para que sexa aberto e recuperado Pídese información sobre a situación actual dese expediente e se está previsto o planteamento dunha comisión ó efecto?

Intervén o sr. Alcalde, contestando que por Sentencia número 309/2009, de 16 de outubro do 2009, no Fundamento Xurídico di que o Concello exerceu a potestade de recuperación dun ben, sen que, dos antecedentes e informe do perito xudicial, poda deducirse a existencia dun camiño, di que pode ser privado. Di que ó non estar definida a nautreza do camiño é imprescindible reiniciar o expediente de investigación. Di que nos condenaron ó abono de máis de 900 euros de demolición do muro, apuntando que fai un mes se entregou para a súa tramitación unhas preguntas sobre o expediente informativo e que a sentenza prohíbe a reposición do muro ata que non esté finalizado o expediente.

c) Dado o tempo trascorrido dende as negociacións con Portos de Galicia referente ó desguace do Barco da Pomba ¿Cándo ten previsto o goberno municipal proceder á súa varada en terra e á súa reparación?

Intervén o S. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, contestando que con Portos de Galicia non existiu ningunha negociación, que sí houbo unha entrevista á que tam'én acudeu o tenente alcalde e non foron recibidos polo presidente de Portos de Galicia senón polo Director Xeral, e nesa reunión acordouse que non se realizaría o desguace quedando por contestar Portos de Galicia sobre os feitos acontecidos no traslado do barco. Di que a reparación e posta en terra ten un coste de 60.000 euros, comentando que había un acordo co propietario dun barco que foi frustrado cando Portos de Galicia nos quitou o Porto Deportivo, apuntando que en canto se teña capacidade económica para poñelo en terra será cando se realice dita actuación

d) Dado o mal estado do barco sito en Lavandeiras ¿cando vai a proceder o goberno municipal á súa reparación ou desguace?

Intervéno Sr. Alcalde, indicando que a intención é a reparación tendo en conta que o desguace superaría un os 5000 euros e habería que levalo a un vertedoiro de Pontevedra.



e) A obra de ampliación da ponte de FEVE en Xunqueira sufriu unha modificación con respecto ó proxecto inicial, modificándose sustancialmente a anchura do mesmo, afectando ó paso de peatóns e vehículos. ¿Tivo o Alcalde coñecemento deste mdificado? ¿Qué xestións se fixeron pola Alcaldía para manter o proxecto na súa versión orixinal?

La obra de ampliación del puente de Feve en Verxeles fue una solicitud de este alcalde a dicho organismo y que se aprobó mediante el convenio entre el concello Diputación y Feve aportando Feve 500.000 euros y la Diputación 100.000 euros a través de convenio con el Concello de Viveiro. A partir de ese momento el diseño gestión financiera y dirección le correspondió a FEVE, siendo está diseñada, financiada y dirigida por FEVE.

Intervén o Sr. Alcalde contestando que esta obra foi u nha solicitude dete Alcalde a ese organismo, que para a realización das obras, FEVE tería que dispoñer das autorizacións sectoriais necesarias. Di que inicialmente FEVE presenta ó Concello un Proxecto cunhas características determinadas, e que unha vez adxudicada a obra a empresa adxudicataria notifica a FEVE que para levar a cabo o proxecto tal cual está redactado é necesario cortar o tráfico cerca de 3 meses, ante isto o adxudicatario plantexa a modificación do proxecto, cambiando o sistema constructivo, non sendo necesaria a demolición integral da ponte vella, cortando o tráfico soamente dúas semanas. FEVE deu coñecemento ó Concello desa modificación, que se aceptou coa condición de que se mantivera o proxecto inicial nas dimensións das aceras, carretera e galibo. Di que ó ser máis custoso este sistema constructivo, houbo que facer unha redución de costes na configuración ornamental da ponte. Di que as dimensións que se mantiveron fora na acera (1.5 m), na carretera (8,00m) e no galibo (5.00m)

B.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP (En data 7 de maio de 2012, Nº rexistro 4.356).

Ante as seguintes preguntas:

Que na Rúa Alonso Pérez, máis coñecido por Camiño Real, á altura do tramo de dobre curva sito na parte traseira do edificio en construción Fonte dos Mouros (promovido pola mercantil Construcciones Vilamiño) e o seguinte edificio sito na mrxaxe dereita sentido Xunqueira (promovido por Construcciones Os Molineros) resulta ser unha vía utilizada por numerosos peatóns e vehículos a motor, tanto da vecindade como transeúntes.

Que no indicado tramo, n súa marxe dereita sentido Xunqueira, únicamente está dotado un gardarraíl ou quitamedos que protexe a vehículos e peatóns de posibles caídas polo talud, de a lo menos 7 metros de altura, circunstancias que consideramos perigosa para os usuarios que habitualmente circulan por ela, e en maior medida para os peatóns, moitos dos cales son menores.

1. ¿Ten pensado o equipo de goberno municipal levar a cabo algunha actuación, como colocación dunha rede, malla metálica ou similar, que poña fin a esta perigosa situación protexendo a integridade dos usuarios da vía nos tramos que crecen da mesma ou se atope deteriorada?



Intervén o sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que non, que fai xa máis de 20 anos o Concello de Viveiro colocou unhas redes metálicas porque solamente había unha separación por bloques de pedra discontinuos e con posterioridade colocaronse quitamedos sendo competencia de FEVE.

2. En caso afirmativo, ¿para cando está prevista amencionada actuación?

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non se prevén actuacións.

3. ¿Contemplou o equipo de goberno a posibilidade de ampliación da vía nese tramo?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que sí, que xa fai varios anos que se iniciou non só a solicitude ampliar a ponte de Verxeles senón tamén o túnel e enlazar coa zona de Verxeles, y tammén iniciamos un proxecto para a ampliación do Camiño Vello, pero nese tramo hai unha entrada a garaxes que invade a carretera e que habería que realizar unha obra moi costosa para poder minimizar iso. Di que cando gobernaba o PP denegaron a licenza de primeira ocupación dese edificio requirindo que se urbanizara e logo non se sabe como desuelles a licenza de primeira ocupación con posterioridade sen modificar o que se lles había requirido.

C.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.(En data 22 de maio de 2012, N° rexistro 4.733)

1.- Ante a pregunta de que ¿cantas e cales son as asociacións deportivas que reciben subvencións por prte do Concello?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel para sinalar que vai dar unha contestación ampla e explícita das subvencións e pagos a entidades deportivas, anunciando que se entregan á secretaria Municipal uns cadros explicativos que procede a ler ós efectos da súa constancia en acta:

	2002	
VIVEIRO C.F	32.294,48	Ademas deixaron sen pagar nin aprobar 179.977,93€. De gastos vinculados a entidades deportivas Dos cales 109780, 57€ eran de autobuses para viaxes de entidades deportivas
CLUB DEL MAR A MARIÑA F.S.	1.202,02	
BALONMANO	1.202,00	
SACIDO	0,00	
ESCUELA DE FÚTBOL	0,00	
A.D. SAN ROQUE	4.065,28	
NOVAS RAICES	0,00	
CICLISMO	3.005,00	
EGOVARROS	1.052,00	
PIRAGÜISMO	2.104,00	
AJEDREZ	0,00	
BALONCESTO -SCD LANDRO CLUB DE VIVEIRO	4.983,00	
PRAIA COVAS	0,00	
CLUB DE BILLAR CASINO VIVEIRO	0,00	



ASOCIACION CULTURAL PENALBA	1.503,00
FUTBOL SALA VETERANOS	600,00
TOTAL	52.010,78

	2003
VIVEIRO C.F	24.714,00
CLUB DEL MAR A MARIÑA F.S.	30.558,00
BALONMANO	1.803,04
SACIDO	1.803,04
ESCUELA DE FÚTBOL	0,00
A.D. SAN ROQUE	1.951,52
NOVAS RAICES	1.350,00
CICLISMO	2.404,05
EGOVARROS	0,00
PIRAGÜISMO	5.104,05
AJEDREZ	901,52
BALONCESTO	7.160,12
PRAIA COVAS	0,00
CLUB DE BILLAR CASINO VIVEIRO	0,00
ASOCIACION CULTURAL PENALBA	0,00
FUTBOL SALA VETERANOS	0,00
	77.749,34

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	totalya pagado 2004- 2010 por entidad
VIVEIRO C.F	36.000,00	36.000,00	40.000,00	38.000,00	43.000,00	36.000,00	36.000,00	265.000,00
CLUB DEL MAR A MARIÑA F.S.	27.045,00	42.000,00	68.311,73	53.815,14	26.000,00	26.568,00	26.568,00	270.307,87
BALONMANO	10.000,00	10.000,00	7.500,00	13.000,00	11.000,00	14.000,00	14.000,00	79.500,00
SACIDO	6.000,00	5.000,00	9.000,00	8.000,00	8.000,00	6.500,00	6.500,00	49.000,00
ESCUELA DE FÚTBOL	3.000,00	2.931,00	4.000,00	4.000,00	9.300,00	8.366,00	8.366,00	39.963,00
A.D. SAN ROQUE	3.000,00	2.300,00	7.000,00	4.000,00	8.000,00	7.000,00	7.000,00	38.300,00
NOVAS RAICES			4.000,00	6.000,00	10.000,00	9.000,00	6.500,00	35.500,00
CICLISMO	3.000,00	3.000,00	4.000,00	4.000,00	5.000,00	4.800,00	4.800,00	28.600,00
EGOVARROS	3.000,00		7.000,00	4.000,00	3.000,00	4.500,00	4.500,00	26.000,00
PIRAGÜISMO	3.000,00	2.500,00	4.000,00	4.000,00	7.000,00	2.900,00	2.900,00	26.300,00
AJEDREZ	300,00	600,00	3.000,00	3.000,00	4.000,00	3.700,00	3.700,00	18.300,00
BALONCESTO					4.800,00	5.500,00	5.500,00	15.800,00
CLUB DE BILLAR CASINO VIVEIRO	15.000,00		2.000,00					17.000,00
PRAIA COVAS						4.000,00	4.000,00	8.000,00
CLUB DE BILLAR CASINO VIVEIRO			2.000,00	2.000,00	1.125,00			5.125,00



109.345,00	104.331,00	161.811,73	143.815,14	140.225,00	132.834,00	130.334,00	922.695,87
------------	------------	------------	------------	------------	------------	------------	------------

2.- Ante a pregunta de ¿qué agrupación deportivas recibiron subvención durante o ano 2011 e a qué exercizo corresponde a subvención percibida?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que ata o momento percibiu Praia de Covas 4000 euros y Viveiro C.F. 18000 euros. O resto xa están aprobados con cargo ó 2011. Di que fai hace 10 días xa se deu a orde de pago, do que estivo moi pendente o Sr. Galdo. Apunta que o Club del Mar F.S. A Mariña, Novas Raíces de Galdo, Escuela de Fútbolde Viveiro y el Club de Ajedrez tiñan reparos suspensivo por informe contrario de intervención ó non estar de acordo con parte da documentación que presentaran, e estes reparos foron solventados mediante Resolución da Alcaldía.

3.- Ante a pregunta de ¿canto percibiu canda unha das asociacións deportivas? Indica o Sr. Alcalde que xa está contestada que xa se dixo canto percibira cada unha e que están todas aprobadas.

4.- Ante a pregunta de ¿qué agrupacións deportivas recibiron algunha subvención durante o ano 2012 e con cargo a qué exercizo o correspondnete a algún exercizo distinto do 2012?

Intervén o sr. Alcalde para sinalar que con cargo ó 2012 non hai ningunha subvención ó non existir convenio.

5.- Ante a pregunta de no suposto de que durante o transcurrido do ano 2012 se pagase a algunha asociación deportiva ¿a cales se lles pagou? ¿Qué criterio se seguiu pra realizar estes pagos?

Intervén o Sr. Alcalde para respostar que pagaron a través da aprobación do plan de ajuste que vostedes votaron en contra, a cuantía de 179.977,93 euros correspondentes ó periodo 1998-2002; dos cales 109.780,57 euros eran de autobuses para viaxes de entidades deportivas.

6.- Ante a pregunta de ¿ten previsto reunirse con estas asociacións par tratar un novo convenio para o 2012-2013, dado o carácter bianual dos mesmos?

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se reunirán con estas asociacións e o período tenrá que ser en virtude do aprobado no plan de axuste, di que sí incorporarán ós convenios o custo das horas de utilización dos pabellóns deportivos e campos de fútbol de cada un de los clubes que lle costaron ó Concello 171.062,10 euros, manifestando que ten un cadro con todos estes datos que entrega a Secretaría para que conste en acta, do que procede a dar lectura:

OCUPACION PABELLÓNS DEPORTIVOS, E CAMPO DE FUTBOL DO CEMBEDO COSTE POR ENTIDAD DEPORTIVA QUE PAGOU O CONCELLO EN CONCEPTO DE PERSONAL E MANTENIMIENTO ANO 2011



ENTIDAD DEPORTIVA	PROMEDIO DE HORAS SEMANAIS	PROMEDIO DE HORAS SEMANAIS DE PARTIDOS	TOTAL PROMEDIO DE HORAS	COSTE DE PERSONAL YEMANTEMEN TO POR HORA	PROMEDIO DE SEMANAS	TOTAL DE COSTE POR ENTIDAD
CLUB BALONCESTO	21	3	24	42,03	37	37.322,64
BALONMAN	10	2	12	42,03	37	18.661,32
FUTBOL SALA	17	2	19	42,03	37	29.547,09
FUTBOL SALA FEMENINO	3	1	4	42,03	37	6.220,44
GIMNASIA RITMICA	4		4	42,03	37	6.220,44
SACIDO	4	2	6	42,03	37	9.330,66
ESCOLAS DEPORTIVAS	6	5	11	42,03	37	17.106,21
PRAIA DE COVAS	6	6	12	42,03	37	18.661,32
CATEGORIAS INFERIORES VIVEIRO C.F.	12	4	16	42,03	37	24.881,76
VIVEIRO C.F.	2		2	42,03	37	3.110,22
TOTAL						171.062,10

7.- Ante a pregunta de que en caso afirmativo ¿en qué datas se producirían estas reunións?

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que cando se determine pola Xunta de Goberno Local.

D.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.(En data 10 de maio de 2012, N° rexistro 4.779)

1.- Ante as preguntas seguintes preguntas:

Dado que moitos propietarios do casco de Viveiro realizaron unha serie de reformas nas súas vivendas, acolléndose ós Plans de Rehabilitación, reformas realziadas incluso fai mási de dous anos, sen embargo a día de hoxe non percibiron a subvención que lles corresponde e que según os propios afectados o diñeiro correspondnete ó Estado e á Autonomía foi transferido por ambas administracións ó Concello, ninguén entende que tendo o diñeiro, non se proceda ó pago do mesmo por parte do Concello de Viveiro ós seus verdadeiros destinatarios.

- 1.- ¿Qué cantidade total está pendente de pagar ós propietarios que realizaron rehabilitacións e teñen as mesmas aprobadas?
- 2.-¿Qué cantidade transferiu, por este concepto a Xunta de Galicia ó concello e cándo?
- 3.- ¿Qué cantidade transferiu por este concepto o Estado Central ó Concello e en qué data?
- 4.- ¿A cantos propietarios titulares afecta esta demora?
- 5.- ¿Cales son os motivos que provocaron que non se pagara ós propietarios as cantidades que lles correspondían, no seu momento?
- 6.- ¿Para cando está previsto o pago das subvencións correspondnetes ó Plan ou Plans de Rehabilitación pendentes de aboar?



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para decir que primeiro contestará ó preámbulo, que antes de decir cando ingresou o Ministerio hai unha contestación implícita co que falta de ingresar, comentando que conta cuns cadros explicativos deste asunto, que entregará á Secretaria para que conte en acta e dos que de seguido dará lectura. Di que algúns non se pagaron en tempo e forma porque non foran informados por intervención e no haber consignado os remanentes necesarios, sinalando que por parte da alcaldía xa se deu orde para axilizar ó máximo a tramitación e según Intervención, exceptuando os que a Xunta non realizou o ingreso pagaranse en xuño. Comenta que outra vez máis pola Alcaldía haberá que facer resolucións discutibles, porque non se incorporou remanente de 2010 e estamos en 2012, pero non poden deixar de cobrar os beneficiarios porque laguen non fixera o traballo. Indica que pasa a dar lectura dos cadros explicativos das distintas fases:

FASE VIII	ARI	IGVS	MINISTERIO	Ingresado Xunta	Fecha ingreso										
1	L-AR-0099/09	2.907,23 €	3.710,12 €	2.907,23 €	05-12-09										
FALTAN POR PAGAR 6.617,35															
		<table border="1"> <thead> <tr> <th>Ingresos Ministerio FASE VIII</th> <th>Fecha ingreso</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>101.066,67 €</td> <td>23/12/2009</td> </tr> <tr> <td>19.333,33 €</td> <td>17/08/2009</td> </tr> <tr> <td>41.565,47 €</td> <td>29/02/2012</td> </tr> <tr> <td>161.965,47 €</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		Ingresos Ministerio FASE VIII	Fecha ingreso	101.066,67 €	23/12/2009	19.333,33 €	17/08/2009	41.565,47 €	29/02/2012	161.965,47 €			
Ingresos Ministerio FASE VIII	Fecha ingreso														
101.066,67 €	23/12/2009														
19.333,33 €	17/08/2009														
41.565,47 €	29/02/2012														
161.965,47 €															

		Subv. Prevista		FASE IX			
EXPEDIENTE	Orzament. previsto	Mº Vª	XUNTA (IGVS)	Ingresos Xunta	Fecha ingreso	Ingresos Ministerio	Fecha ingreso
1	L-AR-0004/09	5.485,20 €	1.535,86 €	1.206,74 €	PAGADOS	37.369,44 €	06/11/2009
2	L-AR-0005/09	7.460,67 €	2.088,99 €	1.641,35 €			



3	L-AR-0006/09	12.567,63 €	3.518,94 €	2.764,88 €			
4	L-AR-0007/09	6.689,24 €	1.872,99 €	1.471,63 €			
5	L-AR-0008/09	10.974,98 €	3.072,99 €	2.414,50 €			
6	L-AR-0009/09	15.367,75 €	4.302,97 €	3.380,91 €			
7	L-AR-0010/09	13.186,70 €	3.692,28 €	2.901,07 €			
8	L-AR-0013/09	14.939,22 €	4.182,98 €	3.286,63 €			
9	L-AR-0014/09	14.709,03 €	4.118,53 €	3.235,99 €			
10	L-AR-0015/09	14.939,22 €	4.182,98 €	3.286,63 €			
11	L-AR-0016/09	6.032,03 €	2.528,97 €	1.987,04 €			
12	L-AR-0017/09	9.167,65 €	2.566,94 €	2.016,88 €			
13	L-AR-0018/09	13.680,85 €	3.830,64 €	3.009,79 €			
14	L-AR-0019/09	11.487,64 €	3.216,54 €	2.527,28 €			
15	L-AR-0020/09	15.438,02 €	4.322,65 €	3.396,36 €			
16	L-AR-0021/09	3.698,72 €	1.035,64 €	813,72 €		5.717,48 €	21/12/2007
17	L-AR-0022/09	9.060,68 €	2.536,99 €	1.993,35 €			
18	L-AR-0330/08	47.922,96 €	8.250,00 €	7.250,00 €			
19	L-AR-0202/10	61.711,67 €	8.250,00 €	7.250,00 €	120110000176		
20	L-AR-0173/09	37.831,78 €	8.250,00 €	7.250,00 €	120110000177		
21	L-AR-0176/09	7.065,50 €	1.978,34 €	1.554,41 €	120110000178		
22	L-AR-0177/09	3.520,84 €	985,84 €	774,58 €	120110000183		
23	L-AR-0098/07	198.324,63 €	8.250,00 €	7.250,00 €	120110000184		
		75.862,08 €	22.576,58 €	21.799,09 €	120110000173/1201100017	72.890,18 €	29/02/2012
				€4			

44.543,17

**ESTOS SE
ABONARAN
EN EL MES
DE JUNIO
2012**

EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO		Culto Previsto		SECRETARÍA				
Orzamento previsto		XUNTA (IGVS)	Fecha ingreso Xunta	Ingresos Xunta	Fecha ingreso Ministerio	Ingresos Ministerio		
1	48459,7	8250	7250	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	76.097,32 es FALTAN POR INGRESAR DE LA XUNTA Y DEL ESTADO
3	29766,66	8250	6548,66	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	
4	29766,66	8250	6548,66	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	
5	42523,8	8250	7250	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	
6	38127,4	8250	7250	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	PENDIENTE	
2	23978,02	6.713,85 €	5.275,16 €	18-04-11	5.275,16 €		6.713,85 €	
7	53.268,08 €	8.250,00 €	7.250,00 €	18-04-11	7.250,00 €	Hay un ingreso único de 98670€. Del 29/02/2012. Sobra dinero pero es para obras que se acabarán a lo largo de este año.	8.250,00 €	
8	31.664,49 €	8.250,00 €	6.966,19 €	18-04-11	6.966,19 €		8.250,00 €	
9	22.501,07 €	6.300,30 €	4.950,24 €	18-04-11	4.950,24 €		6.300,30 €	
10	14.253,87 €	3.991,08 €	3.135,85 €	18-04-11	3.135,85 €		3.991,08 €	
11	12.867,04 €	3.602,77 €	2.830,75 €	18-04-11	2.830,75 €		3.602,77 €	
12	22.501,06 €	6.300,30 €	4.950,23 €	18-04-11	4.950,23 €		6.300,30 €	
13	13.928,52 €	3.899,99 €	3.064,27 €	18-04-11	3.064,27 €		3.899,99 €	
14	12.867,04 €	3.602,77 €	2.830,75 €	18-04-11	2.830,75 €		3.602,77 €	
15	22.501,06 €	6.300,30 €	4.950,23 €	18-04-11	4.950,23 €		6.300,30 €	
16	14.861,11 €	4.161,11 €	3.269,44 €	18-04-11	3.269,44 €		4.161,11 €	
17	12.867,82 €	3.602,99 €	2.830,92 €	18-04-11	2.830,92 €		3.602,99 €	
18	4.680,17 €	1.310,45 €	1.029,64 €	18-04-11	1.029,64 €		1.310,45 €	
19	6.909,46 €	1.934,65 €	1.520,08 €	18-04-11	1.520,08 €		1.934,65 €	
20	16.649,97 €	4.661,99 €	3.662,99 €	18-04-11	3.662,99 €	4.661,99 €		
21	5.536,89 €	1.550,33 €	1.218,12 €	18-04-11	1.218,12 €	1.550,33 €		
22	25.575,00 €	7.161,00 €	5.626,50 €	18-04-11	5.626,50 €	7.161,00 €		
23	29.176,09 €	8.169,31 €	6.418,74 €	13-01-11	6.418,74 €	8.169,31 €		
	133.411,06 €	40.023,32 €	33.059,39 €					
	668.642,04 €	171.036,49 €	139.686,82 €		71.780,11 €		89.763,17 €	

E.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.(En data 7 de maio de 2012, N° rexistro 4.357)

1.- Ante a pregunta de se se están a redactar as bases do novo concurso para a adxudicación en réxime de concesión do servizo municipal da Gardería municipal Grabatos.

Intervén o Sr. Aclalde, D. Melchor Roel Rivas para contestar que con data 23 de maio o responsable de contratación xa trasladou a esta alcaldía a necesidade de elaborar ese expediente e que tamén se pediu informe sobre que tipo de responsabilidade se pode ter individual ou colectiva cos actuais xestores da gardería e si isto permitiría realizar o concurso. Indica que o próximo martes se incorpora o responsable de contratación e se continuará traballando no tema.

2.- Ante a pregunta de que en caso afirmativo, para cando teñen previsto publicarlas?

Intervén o S. Alcalde para contestar que se publicarán unha vez elaboradas e aprobadas.

F.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i.(En data 24 de maio de 2012, N° rexistro 4.816)

1.- Ante a pregunta de que a explanada fronte os Castelos de Covas (donde se ubican as festas), foi pavimentada xa hai algún tempo e quedou pendiente o alumeado, e dado que xa estamos a piques de celebrar as festas do San Xoán, ¿cando esta previsto rematar as obras?



Intervén o Sr. Alcalde para contestar que as obras xa están rematadas, porque consistían en aglomerado e canalización de tendido eléctrico para 3 arquetas e alumbrado central. Di que xa se pediu orzamento.

2.- Ante a pregunta de que está a piques de rematar a obra do aumento da ponte de Feve, ¿está previsto poñer en marcha o tan esperado plan de reordenación do tráfico, prometido en varias ocasións, e que creemos que é moi necesario, para evitar os grandes atascos como os que sucederon nos pasados días?

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para apuntar que os atascos de días pasados non son pola ponte de FEVE. Di que se están en conversas con carreteras para un acordo xa que é necesaria unha rotonda diante do bar A Ría e reducir as aceras da mrxre dereita da ponte de la Misericordia para ampliar o carril de vehículos porque senón os camións grandes non poden xirar. Di que hai que facer catro obras para o dobre sentido, a ponte de Verxeles, a rotonda da Misericordia, que xa están, a rotonda fronte ó bar A Ría, cando carreteras diga, e o ensanche de acceso á ponte da Misericordia). Di que unha vez realizadas estas dúas últimas obras poderase poñer en marcha a dobre circulación.

3.- Ante a pregunta de que na Rúa Regó das Frores e depois de rematar as obras do edificio construído fronte o tanatorio, quedou un poste de formigón no medio e medio de dita calle, Solicitamos que a maior brevidade posible ordenen a su retirada polo gran perigo que pode acarrear. Dado que e unha rúa de saída e entrada para a desconxestión do tráfico en moitas ocasións ¿está previsto arranxar dita calle, dado que a mesma esta chea de remendos no seu pavimento?

Intervén o Sr. Alcalde para decir que se está tramitando con Barras o cambio de ubicación do poste para trasladarlo de lugar, se esta tramitando con propietarios colindantes para ver si nos deixan instalalo, e falando con Barras di que irá soterrado a onde se coloque.

4.- Ante a pregunta de que a posta en funcionamento dos contedores soterrados, tanto na praza de J. Donapetry como na rúa Nicolás Cora (instalados case que hai un ano), estaban a espera da chegada do vehículo especial o efecto. Como xa creemos que rematou o prazo comprometido para a entrega do mesmo por parte do concesionario o Concello, ¿cando se vai recibir?, e ¿cal foi o motivo para dito retraso?

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que vincular os contedores soterrados que se conseguiron cunha subvención do Estado de 2010 coa consecución da subvención da Deputación de Lugo de 180.000 euros no 2011. Di que o retraso foi que unha das empresas de material presentou un ERE pero o camiión será entregado o próximo 6 de xuño ás 12:00 horas e adelanta que dentro da subvención de 110.000 euros que nos corresponden polo plan eólico dedicaranse á colocación de catro islas de contedores soterrados, así como retirar o sistema hidráulico que nunca funcionou dos contenedores soterrados de enfrente ó Conservatorio e adecualos a este novo sistema.

5.- Ante a pregunta de que no pleno celebrado o 27 de Setembro de 2010, por parte deste portavoz presentábase unha moción relativa á modificación na circulación do tráfico na rúa Lavandeiras, en



Celeiro. Na mesma proponíase estudar o cambio na dirección prohibida nesa zona. Poner a dirección prohibida dende a intersección da rúa Arribada coa rúa Lavandeiras (fronte o antigo Bar Cillero-O Monchito), en dirección á rúa da Praia. E o resto das dirección deixa-las como están ata agora." Dita moción foi aprobada por unanimidade coa emenda realizada pola Alcaldía na parte dispositiva que di: que se someterá a estudo esta proposta con asistencia dos técnicos, da policía e os representantes dos partidos. ¿Foi feito algún estudo?

Intervén o Sr. Alcalde para decir que eta proposta foi trasladada e aínda non se cumpriu, e que se volverá a dar traslado ós técnicos.

6.- Ante a pregunta de que no mes de Maio de 2010, saía nos medios de comunicación o titular "Costas retomará la recuperación de las villas tardorromana y medieval de Estabañón.- O proxecto completo, cun coste cifrado en 3,2 millóns de euros, incluía a recuperación de restos das dúas villas, que ocuparían unha superficie duns 2.000 metros cuadrados. Prevíase construír un edificio que, en palabras do xefe provincial de Costas, Sr. Dolls, «no será un museo, sino que nacerá del aparcamiento y se irá metiendo en el yacimiento, explicando lo que se va viendo». A pesar do tempo transcurrido e que efectivamente se fixo algunha excavación, a zona está en total abandono. ¿Que foi daquel proxecto?, ¿Tivo o Concello algunha nova o respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que non se tivo ningunha comunicación nova, que Costas non fixo a adxudicación definitiva a Tragsa.

ROGOS

G.- ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO i.V.i.(En data 24 de maio de 2012, Nº rexistro 4.816)

1.- No pleno do día 27 de Outubro, por parte deste grupo municipal, preguntábase o equipo de goberno a quen correspondía a reparación dos diferentes baches do paseo marítimo de Covas. facendo maior incidencia no paso de cebra elevado da interserção do vial que discorre entre o parque Pernas Peón e o campo de fútbol de Cantarrana donde indicábase había un socabón, que a esta data seguía habendo. Na súa resposta, indicaba que correspondía como sempre o Concello. A pesar do tempo transcurrido aínda están sen reparar. Por elo ROGAMOS o equipo de goberno que proceda a súa reparación inmediata dado o perigo que supón para a circulación.

Intervén o Sr. Alcalde decindo que o problema non é a reparación, é facelo novo, porque cando o goberno anterior fixo a ampliación entre o campo de fútbol e o paseo púxose unha placa e xusto onde acaba está o socabón, porque todo o resto do paseo carece de placa. Di que é unha obra cara, que hai que facer en toda a Avda. Vilalba, que está feita sobre a area.

2.- A zona da área da cima do monte Faro non conta con ningunha papeleira, e dado que estamos chegando a época estival donde aumentan as visitas a esa zona e polo que ROGAMOS a Concellería que corresponda a colación de ditas papeleiras.



Intervén o sr. Alcalde para decir que teñen razón, que se deben de colocar as papeleras aínda que non aumenten as visitas.

3.- No solar que se atopa entre as rúas Regó das Frores e Avda. Benito Galcerán, existen varios vehículos abandonados dende ahí tempo, así como abundante maleza, que entendemos dan unha mala imaxe a entrada do pobo. Por elo ROGAMOS o equipo de goberno que tome as medidas oportunas para a solución deste feito.

Intervén o Sr. Alcalde para decir que xa foron requeridos para a limpeza e retirada de vehículos pero que se trata dun solar privado.

4.- No pleno do 30 de Xaneiro deste ano desde este grupo municipal preguntábase polo motivo porque estivese pechada ao público a oficina de turismo na segunda quincena de Decembro, contestando o Sr. Alcalde que foi unha situación difícil porque aínda que todos din que sobra persoal, nesas datas o persoal de turismo colleu as vacacións que lles quedaban e foi polo que a oficina estivo pechada, apuntando que isto non debe volver a suceder. Pois volveu a suceder, esta vez pola baixa da persoa que está o fronte da mesma. Por elo ROGAMOS o equipo de goberno que tome as medidas oportunas para suplir a falla de persoal nun servizo que creemos que é moi importante e fundamental para a atención dos que visitan a nosa cidade.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que ten razón, que volveu suceder, pero que agora se trata dunha baixa, non de vacacións. Apunta que tras as medidas dictaminadas polo goberno o 31 de decembro non se poden cubrir baixas nin vacacións, excepto en educación, polo que cubrimos biblioteca e deportes, e se se desprazase a outra senté para cubrir a baixa habería que quitar dos que atenden os comedores dos colexios de Celeiro ou San Roque. Di que a partir do 15 de xuño se incorporará á oficina de turismo persoal que nestes meses realiza as labores de axuda ás declaracións da renda ós vecinos, polo que irá a atender a oficina de turismo e a de xuventude.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 11:10 horas do día 31 de maio de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.